



BIC GALICIA
 Barrio de San Lázaro 63A.
 Edif. IGAPE 3º andar
 15703 Santiago de Compostela
 T.: 981 546 828 – F.: 981 546 832
 tallerescce@bicgalicia.es
 www.tallerescce.bicgalicia.es




TALLERES DE
 CRECIMENTO E
 CONSOLIDACIÓN
 EMPRESARIAL



TALLERES PRÁCTICOS NA
 ÁREA DE COMUNICACIÓN
 EMPRESARIAL



COMO COMUNICAR E MOTIVAR
 MELLOR. DESCUBRE O TEU
 POTENCIAL MEDIANTE O *COACHING*



1. OBXECTIVOS

- Coñecerse como comunicador/a.
- Obter todo o rendemento das propias potencialidades como comunicador/a.
- Como chegar ás persoas? Comprender os mecanismos de motivación das persoas e como fomentalos.
- Como ser un comunicador/a motivado/a? Experimentar a automotivación e como reforzala.

2. DESTINATARIOS/AS

Empresariado ou persoal directivo que desexe aumentar as súas competencias de comunicación. En función do seu nivel de partida, a aprendizaxe permitiralle desde superar un bloqueo a conseguir a excelencia

3. METODOLOXÍA

- Exposición individual de todos os participantes con *coaching* persoal sobre eles.
- Provocación da autoaprendizaxe mediante a observación de videos.
- Filmación dos e das asistentes para adestrar a posteriori.
- Emprégase a técnica CIEN, creada polo equipo QCoach, con exercicios concretos para contexto, impacto no interese, emoción e naturalidade.

4. CONTIDO E ESTRUCTURA

- A arte de comunicar: o discurso 100%.
 Exposición de cada participante: cada un exporá un discurso de 3 minutos tras o que o *coach* lle dirá os seus puntos fortes e os que ten que reforzar (*coaching* persoal).
- Motivación e automotivación. Influencia na comunicación.
- Rutinas persoais para render ao 100% nas reunións.
- Creando o contexto emocional positivo a través da comunicación e a motivación.
- Discurso final dos e das asistentes cun novo *coaching* persoal.



NOTA CURRICULAR DO DOCENTE

Daniel Álvarez Lamas. Licenciado en Economía. Especialización directiva en IESE, Instituto de Empresa e Otto Walter. *Practitioner e Trainers Trainer* de PNL polo Instituto Internacional de PNL. Programa de PNL con R. Dilts e S. Gilligan. Certificado como *Coach Internacional da International Coaching Community* de Joseph O'Connor (ICC). Cambiou a súa carreira de directivo en BBVA pola práctica profesional de *coaching*, despois de desempeñar postos de director de oficina principal e de director provincial, entre outros. *Coach* de directivos e políticos. Consultor de adestramento directivo e organización empresarial. Relator, entre outros, da Xornada Internacional de *Coaching* 2009 (Santiago), Congreso Nacional de Jóvenes Empresarios 2008 e Congreso Internacional de *Coaching* de ICC 2009 (Lisboa).

